



Ben!...entón
nosoutras
libramos

Maña vou-vos
facer a todos un
exame

A maioría dos elementos
que na nosa sociedade
reflecten o sexismo e o
androcentrismo pasan desapercibidos, pois
é o que vivimos sempre e parece-nos "na-

tural", non nos sorprende nen o vemos modificábel. Un destes elementos é a lingua, mellor dito, o uso que se fai dela, un uso que nos marxina ás mulleres, nos oculta e silencia a nosa presenza no mundo. Uns poucos exemplos abundan para ilustrar o que estamos a dicer:

- Hai un abuso de palabra HOME para referir-se á ESPÉCIE HUMANA.

- Profisións, títulos e oficios das mulleres seguen a aparecer en masculino.

- Usa-se o masculino plural para representar a mulleres e homes, como se as primeiras non existísemos na vida pública e estivésemos prostradas dentro dos muros da casa.

Como consecuencia, as mulleres debemos, desde a infancia, aprender a sentirnos incluídas ou excluídas cando se utiliza o masculino, singular ou plural, dependendo de cada circunstancia.

Se cremos na igualdade de mulleres e homes, a linguaxe ha de reflectir esta situación tratando por igual a ambos os sexos. Por iso cumpre eliminar os comportamentos lingüísticos que transmitan e reforcen a marxinação das mulleres. Non é válido, a fin de non mudar as cousas, apoiar-se na afirmación de que o uso fixou así a lingua, pois esta debe ser un sistema aberto e, como tal, capaz de admitir as modificacións precisas para satisfacer as necesidades das persoas que a utilizamos en cada momento. E os cambios que se están a producir nos papeis sociais de mulleres e homes, esixen

unha adecuación da lingua para liberá-la de estereotipos discriminatórios.

Esta adecuación da lingua ás novas situacións sociais é unha cuestión importante, mais non a única. Para que unha lingua estexa libre de elementos sexistas, é necesario eliminar os chamados “dúais aparentes”, dúas palabras de distinto xénero que teñen significados diferentes, sendo un deles, o correspondente ao feminino, claramente despectivo. Con isto queremos dicir que é xa tempo de que “HOME PÚBLICO” e “MULLER PÚBLICA” fagan referencia a persoas que unicamente se diferencian polo sexo.

Outra cuestión de suma importancia é a referente ás definicións que os dicionarios dan de moitas palabras. É preciso “depurar” os vocábulos de acepcións e significados que non fan máis que reflectir actitudes discriminatorias, androcéntricas e misóxinas.

Exemplos:

■ Zorro: home astuto.

Zorra: prostituta.

■ Fregona: muller que se adica a fregar.

Non aparece fregón.

■ Mancebo: home xoven, mozo.

Manceba: querida.

A seguir, ofrecemos-vos unha serie de propostas encamiñadas a conseguir a eliminación de, ao menos, algúns dos rasgos sexistas que persisten na lingua.

1. Eliminar o masculino utilizado como xenérico, mediante o emprego de substantivos abstractos ou autenticamente xenéricos (ou utilizar os dous xéneros).



- Home/s
- Do home
- Galegos
- Nenos
- Rapaces
- Mozos
- Anciáns

- Irmáns

- Profesores
- Alunos
- Os pais
- O docente
- Un adolescente
- Aqueles
- Dos outros





- Persoa/s. Homes e mulleres. Xente. Humanidade. Seres humanos
- Humano/a
- O povo galego. Galegos e galegas
- Infancia. Nenos e nenas
- Rapaces e rapazas. Adolescencia. Xuventude
- Mozos e mozas, Mocidade
- Anciáns e anciás. Persoas de idade. Persoas maiores
- Irmáns e irmás



- Profesoras e profesores. Profesorado
- Alunos e alunas. Alunado
- Pais e nais
- Cada docente
- Calquera adolescente
- Quen
- Alleos/as

2. Modificación do uso de nomes, apelidos e tratamentos, facendo que a designación de mulleres e homes sexa simétrica.



- A Sra Conde e o Ministro Corcuera
- A Thatcher e Mitterrand
- O Sr Pérez, a Sra Rodríguez e a Sta Árias
- A Sra de Pérez (Maria Vázquez)

3. Acerca de carreiras, profesións, oficios e titulacións.



- Maria é médico (ou enxeñeiro ou alcalde...)
- As limpadoras
- Médicos e enfermeiras

4. Rotulación dos Centros de Ensino. Nos Centros de Ensino é doado rotular a partir de abstractos, e isto permite eliminar totalmente a marca de sexo.



- Sala de profesores
- Local de alumnos
- Director
- Vice-director
- Xefe de estudos
- Secretário
- Psicólogo
- Tutor

Convidamos-vos a



- A Sra Conde e o Sr Corcuera
A Ministra Conde e o Ministro Corcuera
- Thatcher e Mitterrand
- As Sras Rodríguez e Árias e
o Sr Pérez
- A Sra Vázquez



- Maria é médica
(ou enxeñeira ou alcaldesa...)
- O persoal da limpeza
- Médicos e médicas
enfermeiros e enfermeiras



- Sala do profesorado
- Local do alunado
- Dirección
- Vice-dirección
- Xefatura de estudos
- Secretaria
- Gabinete de psicoloxía
- Tutoría

poñer en práctica estas propostas.

Vestuario do alumnado

Dirección

Tutor *in*

Subdirección



**Colectivo
de Mulleres
Ensinantes
"do Rosa ao
Violeta"**